



PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Av. Porto da Coruña, nº 2

15006 A Coruña

Tlf.: 981 080 819

email: recursos.humanos.planificacion@dacoruna.gal

Expediente: 2025000037985

Referencia: 25377

ASUNTO: informe complementario relativo as observacións recollidos no informe da Secretaría Xeral sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo.

Motivación das propostas remitidas polas unidades.

As propostas formuladas polas diferentes unidades en relación cas dotacións de recursos humanos adscritos inclúen unha explicación dos motivos que xustifican as modificacións que se inclúen nas propostas. Trátase de cambios derivados da organización e funcionamento das unidades administrativas, incluso conformados polos Deputados presidentes das respectivas comisións informativas, respecto das cales non se advertiron infraccións da normativa de aplicación que se houberan sinalado polo Servizo de Planificación e Xestión de RRHH de advertirse. A totalidade das propostas foron incluídas na documentación que se remitiu a Mesa Xeral de Negociación e figuran no expediente.

Transformación de postos de traballo e outros cambios.

Non nos atopamos ante un suposto de remoción ou cese nun posto de traballo da letra a) do artigo 63 do Real Decreto 364/1995 senón ante a caso previsto na letra b) do mesmo artigo, supresión de postos, polo que non resulta de aplicación o trámite de audiencia previsto no artigo 50 do Real Decreto citado. En ambos casos procederá a cobertura do posto por adscrición provisional.

Factor de atención ao público.

O factor de atención ao público nun posto de traballo non supón a concorrencia dunha circunstancia que debe ser obxecto de valoración: trátase dun dato obxectivo posto de manifesto na proposta da dirección da biblioteca, onde se sinala que o posto de Xefatura de departamento realiza tarefas de atención ao público de forma diaria.

Advertido erro relativo á administración de procedencia (columna ADM) no posto 1.1.360.1 Xefatura de servizo de cultura, igualdade e dereitos civís, procede a modificarse o anexo "relación de postos de traballo" para incluír no mesmo a mención A3 que se omitira no documento que obra no expediente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O Xefe da Sección,

Carlos Hervella Couceiro

O deputado,

José Ramón Rioboo Castro